



# XOVES

## I+D+i

Estimado/a amigo/a:

Do 24 ao 26 de setembro terá lugar en Santiago de Compostela o **7<sup>o</sup> Encontro Internacional de Biotecnoloxía BIOSPAIN 2014**. BioSpain é o principal evento de biotecnoloxía que se celebra en España e uns dos máis importantes a nivel internacional en asistencia (762 empresas e 1.850 visitantes en 2012) e número de reunións empresariais realizados (2.775 en 2012).

**BIOSPAIN 2014**, organizada conxuntamente pola Xunta de Galicia e a **Asociación Española de Bioempresas (ASEBIO)**, inclúe unha feira de exposicións, servizos de busca de socios, un foro de investidores, un programa de sesións científicas, así como un foro de grupos de interese con sesións centradas nos pacientes, consumidores, estudantes, etc.

No marco deste evento, o mércores 24 de setembro terá lugar a sesión titulada **“Galician tricolor opportunities: expanding Biotech added value”**, coa que se pretende contribuír a incrementar a internacionalización e a visibilidade dos principais axentes do ecosistema galego de biotecnoloxía: administración, empresas, universidades, centros tecnolóxicos e de investigación e outras entidades, como fundacións e fondos de capital risco. Entre os obxectivos deste evento figura tamén atraer o interese de empresas e outras entidades de fóra de Galicia cara ás capacidades do sector biotecnolóxico galego, cuxo peso experimentou un aumento considerable nos últimos anos ata alcanzar preto do 1% do PIB. Nese percorrido contou co apoio decidido da Xunta de Galicia, que nos últimos 5 exercicios mobilizou 72,6 millóns de euros nese sector a través dun investimento público de 43,3 millóns, con 320 entidades beneficiarias, maioritariamente empresas.

A **biotecnoloxía** ten un papel moi relevante na **Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3 Galicia)**, pois está presente nos tres grandes retos establecidos no ámbito da I+D+i para o período 2014-2020. Os instrumentos previstos na RIS3 para conseguir os seus obxectivos cobren todas as etapas da cadea de valor para calquera iniciativa relacionada coa biotecnoloxía e van desde as subvencións a fondo perdido e o investimento en forma de capital risco ata as fórmulas para incentivar a transferencia de coñecemento e a atracción de talento.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves.